

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 13 DE XANEIRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día trece de Xaneiro de mil novecentos noventa e cinco; ás once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.- Non asiste Don Xosé Prieto Pérez.

Está presente o Secretario accidental, Don Manuel Vázquez Gregorio, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 29 de Decembro pasado.-

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Dona Angeles Gulín Domínguez, veciña de Madrid, con domicilio na rúa Moscatelar, nº 29-bis, para que poida proceder á rehabilitación dunha vivenda da súa propiedade sita na rúa Travesía Porta Nova, nº 1, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á súa solicitude con arreglo ás condicións que a continuación se sinalan no informe emitido polos servicios técnicos municipais e, que di o seguinte: "Rehabilitación de vivenda entre medianeiras B+II,

proxecto visado o 23 de Agosto de 1994.- As obras deberán axustarse ó proxecto presentado e aprobado pola Comisión de Patrimonio.- Previo ó comezo das obras formalizarase contrato co técnico arqueólogo.- Deberá depositar unha fianza por importe de 80.000 pesetas para responder da bondade da reposición dos servizos e demais pormenores da obra".- A validez desta licenza é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos de Imposto de construción, instalación e obras desta licenza, o cal importe é de 255.307 pesetas.

En relación coa liquidación practicada ós efectos de Imposto de construción, instalación e obras dunha licenza por importe de 472.088 pesetas, concedida a Don Modesto Pontes Sánchez, na representación de Construcións Plazuela S.A., veciño de Ourense, con domicilio na rúa Juan XXIII, 12, para que poida proceder á distribución de garaxes e oficinas nun inmovible sito na Estrada Francelos-Avda. Redondela, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e ó haber padecido un erro involuntario procede a unha nova liquidación do I.C.I.O., a cal ascende á cantidade de 442.776 pesetas, quedando por conseguinte sen efecto a anterior liquidación.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto un escrito asinado polo Presidente do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, de Ourense, con enderezo na rúa Saenz Díez, 53, sobre o acordado entre este Municipio e o devandito Colexio ós efectos de contratación dun colexiado para a Asesoría Técnica de Ribadavia e, visto tamén o curriculum de cada un dos solicitantes, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda que para este Concello preste o servizo referido, o colexiado Don José Javier Suances Matías.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, toma coñecementos dos seguintes:

Da Oficina para a Prestación Social dos Obxectores de Conciencia, dando baixa na realización da prestación ó colaborador Celso Guntín Losada, dende o 11 de Febreiro de 1995.-

Da farmaceutica titular, resultados das análises normais das augas de consumo público de Ribadavia e de San Paio.

Da farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento público de Ruibadavia e de San Paio.

Do Colexio Público de E.X.B. "Tomás de Lemos", informando favorablemente a petición deste Concello para a posible instalación da vindeira Feira do Viño no patio de recreo do devandito Colexio.

Por último a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á memoria da Escola en Francelos, proxecto de reforma do alumeado público en San Paio - 1ª fase e, proxecto de construción de praza diante da Casa de Cultura desta Vila.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Non houbo.

E sendo as once e media da mañá, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.